



O-PE MONTE ENXA

Porto do Son

10ª PROBA DA XXVI LIGA GALEGA DE O-PE

14 de outubro de 2017

ORGANIZA

ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ARNELA

COLABORA

CONCELLO DE PORTO DO SON

SEGURIDADE



PREVENCIÓN DE RISCOS - INSTRUCCIÓN DE SEGURIDADE

10ª PROBA DA XXVI LIGA GALEGA DE O-PE

Porto do Son

14/10/2017

1. Os corredores participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos propios das carreiras de orientación a pe.
2. No caso de menores de idade, ademais, os respectivos clubs son os responsables de asignar a estes participantes ó percorrido adecuado, segundo o seu nivel físico e técnico, debendo, no seu caso, proceder a inscribilos en percorridos de iniciación.
3. Unha vez avaliados os riscos específicos para esta proba, infórmase especialmente dos seguintes aspectos:

▲ ¡ATENCIÓN: ESTRADAS!.

Na área de competición existen varias estradas e pistas asfaltadas. Aínda que non presentan apenas volume de circulación de vehículos de motor, os competidores están obrigados a cumprir estritamente as normas de circulación.

▲ ¡ATENCIÓN: FIRME IRREGULAR!.

A proba descorre por zonas nas que se poden acadar unha alta velocidade de carreira que, polo seu carácter forestal, están sometidas a cambios repentinos no seu firme. No mapa tentouse representarse de maneira fiel as características do terreo. Así a todo, poden aparecer elementos potencialmente perigosos. Rógase prudencia, sobre todo naquelas zonas máis rápidas.

▲ ¡ATENCIÓN: MOTOS E VEHÍCULOS DE MOTOR!.

Algunhas zonas do mapa de competición son frecuentadas por afeccionados ó motocros.

▲ ¡ATENCIÓN: ANIMAIS SOLTOS!.

Pode darse a posibilidade de que en certas partes do mapa nos atopemos con animais semisalvaxes (cabalos e vacas do monte). Aínda que tenden a fuxir perante da presenza de humanos, o seu comportamento e imprevisible. Rógase prudencia.

▲ ¡ATENCIÓN: VALADOS PERIGOSOS!.

Na superficie cartografada hai unha gran extensión de valados de arames. Algúns deles son facilmente pasables entre as liñas de arames pero outros teñen unha alta dificultade e risco de lesión. Habilitáronse varios puntos de paso para superar estes obstáculos. Prohibido derrubar os valados.

Ademais, nalgúns puntos poden estar activos pastores eléctricos pertencentes a unha explotación de gando. Prégase prudencia.